

papeles de filosofía

SEPARATA

**AGORA
veorav**

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

política, combínanse temas clásicos que seguen sendo fundamentais como o de privado/público ou autonomía con outros más recentes como os referidos ás desigualdades de xénero e culturais, ou ao debate esencialismo/antiesencialismo. Ámbolos dous libros, en suma, aportan elementos importantes e amósannos aqueles que están sendo obxecto de estudo ou controversia na reflexión feminista nesta década. Só cabe recomendar a súa lectura e suliñar unha vez máis que estes dous libros constitúen unha aportación de inestimable valor e interese para a filosofía política feminista, e como non, para a filosofía política mesma.

M^a Xosé AGRA ROMERO

EXPÓSITO GARCÍA, Mercedes; FERNÁNDEZ BUJÁN, Inés; MARTÍNEZ MARTÍNEZ, Francisco J.; ÁLVAREZ YÁGUEZ, Jorge, *Historia da Filosofía. Nietzsche. Marx. Marcuse*, A Coruña, Bahía Edicións, 1994.

FORTES TORRES, Manuel Anxo; VALMASEDA PANTOJA, Fernando; GUERRERO PÉREZ, Rosario; MARÍNO BAAMONDE, Alberto; SANTOS SEDANO, Alfonso C., *Historia da Filosofía. Platón. Tomás de Aquino. Descartes. Kant*, A Coruña, Bahía Edicións, 1996.

Platón, Tomás de Aquino, Descartes, Kant, Marx, Nietzsche e Marcuse son os sete filósofos tratados nestes dous libros de Historia da Filosofía. Ben é certo que son éstes os pensadores que corresponden á selección feita para o C.O.U. e conseguintemente para as Probas de Selectividade, e que iso constitue o soporte, o punto de partida destes traballos. Mais, unha vez dito isto, compe destacar que nos atopamos cuns estudios serios e ben documentados sobre os diferentes filósofos, onde os autores aportan algo máis que un mero achegamento ós filósofos. Máis alá dunha exposición sintetizadora, o interese pedagógico deixa ampla cabida para unha suxestiva e actualizada visión duns pensadores tan estudiados como sempre revisitados da Historia da Filosofía. Así pois, aínda que o punto de partida poidera ser claro, a tarefa emprendida non estaba exenta de atrancos e, por suposto, de especialistas e estudiosos. Non obstante, o conxunto dos traballos aquí recollidos son unha mostra do bó facer duns profesores de Filosofía comprometidos coa sú laboura cotidián e co traballo filosófico, rebasando sen problemas os atrancos e os obxectivos más concretos que lle serviron de punto de partida.

O tratamento xeral dado ós distintos filósofos faíse máis ou menos homoxéneo, anque como é obvio cada autor deixa as súas pegadas particulares, a súa ollada más detida nalgúns aspectos. En todos os estudos preséntase un marco introductorio, referencias á vida e á obra dos pensadores, unha contextualización histórica e consideracións relativas ó marco filosófico, cuestións de interese para unha presentación axeitada de cada un dos filósofos.

Os principais conceptos, a exposición das súas doctrinas filosóficas, e unha acertada escolla dos textos, constituen o grosso da presentación. Os traballos léñense cun certo grao de amenidade que non é, neste caso, incompatible coa rigurosidade e claridade. A bibliografía final, seleccionada e comentada, combina os estudos clásicos cos más recentes de forma útil e manexable.

Quizáis non corran moi bos tempos para o ensino da Filosofía no noso país, que a Filosofía quede asolagada baixo o peso do deseño curricular e administrativo, mais cando aparece plasmado o empeño daqueles que, coma os autores destes textos, seguen aportando materiais, cabe pensar con certo optimismo. Neste sentido compre suliñar o lema que recolle a portada dos libros: «Pensar o que somos». Esta é a tarefa sempre candente e viva e que se percibe trala lectura destes dous libros. Por último, outro aspecto importante a sinalar é o feito de que os libros estean en galego. A necesidade de dispor de textos, de traballos en galego para a Filosofía non é un asunto menor, de aí o acerto desta edición.

M^a X. A. R.

ROUDINESCO, É.; DERRIDA, J. y otros, *Pensar la locura. Ensayos sobre Michel Foucault*, Buenos Aires, Paidós, 1996. (Título orixinal: *Penser la folie. Essais sur Michel Foucault*, París, Galilée, 1992).

Pensar la locura reúne o heteroxéneo grupo de ensaios que foron pronunciados en 1991 con ocasión do IX Congreso da Sociedade de Historia da Psiquiatría e a Psicanálise, que estivo adicado á conmemoración do tricésimo aniversario da publicación de *Histoire de la Folie* (*HF*) por Michel Foucault.

A xeito de introducción Élisabeth Roudinesco realiza un repaso polos principais elementos da situación francesa anterior, contemporánea e posterior á publicación de *HF*, obviamente, sempre en relación con esta mesma. De antes de 1961 destacan as figuras de Henry Ey e Jacques Lacan. Do momento xustamente posterior á aparición da obra resalta a ampla coincidencia do defendido no libro co movemento antipsiquiátrico que se estaba a desenvolver fundamentalmente en Inglaterra, California e Italia —sen que Foucault o soubese— e, asimesmo, os reproches de excesivo teoricismo por parte dos historiadores da psiquiatría e da psicopatoloxía, os que, á súa vez, carecían dunha obra coa que poder replicarlle seriamente. Nelas mesmas datas, veciñas ás da publicación, G. Canguilhem, en cambio, foi dos que axiña comprenderon e loaron o significado da obra. De entre as críticas posteriores, É. Roudinesco salienta a de Derrida, ao pouco da publicación de *HF* —contrarresposta no 72 polo mesmo Foucault—, a de Gladys Swain, no 77, moi pertinente na constatación de que Foucault non investigou o que se escondía tras o mito de Pinel; a que esta mesma autora realiza algo despois xunto